

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0060	Teleemerxencias	2023/2024	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MÓNICA IGLESIAS CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 216/2008, do 25 de setembro, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en emerxencias sanitarias, que se identifica polos seguintes elementos:

- Denominación: emerxencias sanitarias.
- Nivel: formación profesional de grao medio.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: sanidade.
- Referente europeo: CINE-3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Este deseño curricular corresponde ao módulo profesional TELEEMERXENCIAS do Ciclo Medio EMERXENCIAS SANITARIAS, que pertence á Familia Profesional de SANIDADE, impartido no IES Lamas de Abade en Santiago de Compostela (A Coruña) no réxime das persoas adultas na modalidade presencial (oferta modular).

O perfil profesional do título de técnico en emerxencias sanitarias determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en trasladar pacientes aos centros sanitarios, prestar atención básica sanitaria e psicolóxica no contorno prehospitalario, levar a cabo actividades de teleoperación e teleasistencia sanitaria, e colaborar na organización e no desenvolvemento dos plans de emerxencia, dos dispositivos de risco previsibles e da loxística sanitaria ante unha emerxencia individual ou colectiva, ou unha catástrofe.

Estas persoas exercen a súa actividade profesional no sector sanitario público e privado relacionado co traslado de pacientes ou vítimas, e a prestación de atención sanitaria e psicolóxica inicial, coa colaboración na preparación e no desenvolvemento da loxística sanitaria ante emerxencias colectivas ou catástrofes, así como participando na preparación de plans de emerxencia e dispositivos de risco previsible do ámbito da protección civil.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a en transporte sanitario.
- Técnico/a de emerxencias sanitarias.
- Operador/a de teleasistencia.
- Operador/a de centros de coordinación de urxencias e emerxencias.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de prestación do servizo, prevención, seguridade e protección, e control de calidade.

Estas funcións abranguen aspectos como:

- ¿ Concreción e caracterización das tarefas.
- ¿ Información e orientación á persoa usuaria.
- ¿ Prevención de riscos.
- ¿ Cumprimento de protocolos de traballo.
- ¿ Control técnico do proceso.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse na teleoperación de emerxencias e na teleasistencia.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- h) Relacionar as necesidades das persoas usuarias cos recursos para mobilizar, e analizar distintas situacións para atender a demanda.
- m) Describir os equipamentos de comunicacións e determinar a secuencia de operacións que se deben realizar para establecer e manter a comunicación entre a zona de intervención e o centro coordinador.



- q) Identificar as funcións dos membros da cadea de mando, para intervir en función da súa xerarquía.
- s) Identificar responsabilidades éticas e legais, interpretando a lexislación, para garantir a privacidade e a liberdade do paciente ou da vítima.
- y) Atender as emerxencias no centro de teleoperación ou teleasistencia sanitaria para derivar o recurso asistencial máis adecuado, partindo dos signos e dos síntomas expresados na demanda realizada.

E ademais, a formación deste módulo contribúe tamén a alcanzar as seguintes competencias do título:

- f) Atender a demanda de asistencia sanitaria recibida nos centros xestores de teleoperación e teleasistencia.
- p) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais que se orixinen por cambios tecnolóxicos e organizativos na prestación dos servizos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	OS CENTROS COORDINADORES DE EMERXENCIAS	Asistencia a urxencias e emerxencias. Características, organización e funcionamento dos CCE.	21	25
2	A COMUNICACIÓN	Descrición das características do proceso de comunicación e dos canles de comunicación. Descrición dos tipos de telecomunicación. Intelixencia emocional e barreiras comunicativas.	12	10
3	A TRANSMISIÓN DA COMUNICACIÓN	Descrición das formas de transmisión da comunicación, linguaxe radiofónica e terminoloxía propia de emerxencias.	15	15
4	XESTIÓN DA DEMANDA E DA RESPONSA EN URXENCIAS E EMERXENCIAS SANITARIAS	Descrición dos obxectivos e do procedemento da xestión das demandas e das respostas de emerxencias. Programas informáticos e de apoio.	21	25
5	CODIFICACIÓN DE DATOS	Estudo da Clasificación Internacional de Doentes e das enfermidades de declaración obligatoria.	15	15
6	TELEMEDICINA E TELEASISTENCIA	Definición dos conceptos de telemedicina e teleasistencia. Telemedicina en emerxencias. Servizos, produtos e vantaxes da teleasistencia.	12	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	OS CENTROS COORDINADORES DE EMERXENCIAS	21

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza sistemas xestores de despacho de centros coordinadores de emerxencia, e identifica as funcións e os elementos do sistema.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os obxectivos dun centro coordinador de emerxencias.
CA1.2 Enumeráronse os elementos que compoñen un centro de coordinación.
CA1.3 Clasifícanse os tipos de recursos de que dispón unha central de coordinación.
CA1.3.1 Clasifícanse os tipos de recursos materiais de que dispón unha central de coordinación.
CA1.3.2 Clasifícanse os tipos de recursos humanos de que dispón unha central de coordinación.
CA1.4 Analizáronse e valoráronse as características específicas e as diferenzas dun centro de regulación integrado (112) e dun centro de regulación médica (061).
CA1.5 Definíronse as funcións e os elementos dun sistema de despacho para xestión de centros coordinadores de emerxencias.
CA1.6 Identifícanse as plataformas tecnolóxicas existentes.
CA1.7 Manexouse o sistema de despacho do centro coordinador segundo protocolos establecidos.
CA1.8 Realizáronse a conexión, a comprobación das comunicacións entre postos e a saída do sistema.
CA1.9 Valoráronse as advertencias do sistema recibidas e actuouse en consecuencia.
0CA1.10 Analizouse o vocabulario específico máis característico en teleemerxencias.

4.1.e) Contidos

Contidos
Vocabulario propio das emerxencias.
Características do centro de regulación médica tipo 061.
Características do centro regulación integrado tipo 112.
Normativa dos centros de coordinación.
Plataformas tecnolóxicas.
Funcións e elementos do sistema de atención, despacho e coordinación.

Contidos
Elementos de seguridade.
Postos de operación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A COMUNICACIÓN	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece a comunicación nun sistema de transmisión integrado, e describe os elementos do proceso de comunicación interpersonal.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as canles de comunicación.
CA2.2 Descríbense as barreiras que dificultan o proceso de comunicación en radiocomunicación e transmisión radiofónica.
CA2.3 Clasifícanse os medios de transmisión atendendo ás súas características.
CA2.6 Utilizáronse técnicas de recepción de mensaxes orais, de comunicación e de interrogatorio.

4.2.e) Contidos

Contidos
Comunicación a través de medios non presenciais. Escoita: técnicas de recepción de mensaxes orais. Intelixencia emocional: empatía, asertividade e persuasión. Programación neurolingüística (PNL): comunicación intrapersonal e interpersonal. Proceso da comunicación: principios e funcións. Canles de comunicación. Barreiras e dificultades da comunicación. Niveis de comunicación. Clases de comunicación: verbal, paraverbal e non verbal.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A TRANSMISIÓN DA COMUNICACIÓN	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece a comunicación nun sistema de transmisión integrado, e describe os elementos do proceso de comunicación interpersonal.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Descríbíronse os tipos de onda e os elementos dunha estación de radio.
CA2.5 Definiuse a linguaxe radiofónica e a comunicación verbal e paraverbal, a través de medios non presenciais.
CA2.7 Estableceuse comunicación a través da radio empregando de forma adecuada a linguaxe e as normas de comunicación.
CA2.8 Establecéronse comunicacións a través dun sistema de transmisión integrado.
CA2.9 Arranxáronse problemas básicos xurdidos nun sistema de transmisión.
CA2.10 Fíxose o mantemento e actualizáronse os elementos de apoio informativo da central de comunicacións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Centro de comunicación.
Terminoloxía propia das emerxencias.
Formas de transmisión.
Radiotransmisor.
Linguaxe radiofónica.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	XESTIÓN DA DEMANDA E DA RESPSTA EN URXENCIAS E EMERXENCIAS SANITARIAS	21

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recibe demandas de emerxencia empregando o proceso de recepción protocolizado.	SI
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
CA3.2 Descríbiuse a estrutura e os campos dun formulario informático de demanda.
CA3.3 Identifica os datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.
CA3.4 Identifícanse os demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc.
CA3.5 Xerouse unha demanda de emerxencia seguindo o algoritmo do sistema xestor.
CA3.6 Localizouse o enderezo da demanda utilizando os sistemas cartográficos.
CA3.7 Clasifícanse os tipos de demanda de emerxencias consonte un algoritmo de decisións.
CA3.8 Formalizáronse os formularios de xestión de demanda de emerxencias empregando as TIC.
CA3.9 Categorizáronse as demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.
CA3.10 Comprobase que o sistema xestor reconduza a demanda segundo o protocolo establecido.
CA4.1 Categorizouse a demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
CA4.2 Formalizouse o formulario correspondente no sistema xestor.
CA4.3 Descríbense os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.
CA4.4 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda.
CA4.4.1 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda para proporcionar a resposta adecuada.
CA4.5 Identifícase o recurso asistencial máis adecuado para dar resposta á demanda sanitaria.
CA4.6 Realízase o seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.
CA4.7 Verifícase a formalización do formulario informático no sistema xestor ao remate da asistencia.

4.4.e) Contidos

Contidos

Formalización dos formularios de demanda.

Categorización da demanda.

Procesadores de datos: tipos e utilización

Redes locais. Intranet.

Internet: utilidades, navegadores e procura de información.

Normas de presentación de documentos.

[Tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.](#)

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	CODIFICACIÓN DE DATOS	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.8 Descríbonse os termos básicos relacionados coa codificación diagnóstica.
CA4.9 Descríbiuse o procedemento de codificación mediante a clasificación internacional de doenzas (CID).
OCA4.10 Descríbiuse o procedemento de comunicación de doenzas de declaración obrigatoria.

4.5.e) Contidos

Contidos
Concepto de codificación diagnóstica.
Clasificación de doenzas e lesións.
Clasificación de procedementos cirúrxicos e non cirúrxicos.
Procedemento de codificación mediante a clasificación internacional de doenzas (CID).
Doenzas de declaración obrigatoria.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	TELEMEDICINA E TELEASISTENCIA	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda.
CA4.4.2 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda para prestar servizos sanitarios a distancia.

4.6.e) Contidos

Contidos
Aplicacións tecnolóxicas en telemedicina.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Teñen a consideración de CA mínimos exigibles aqueles establecidos como tales no deseño das unidades didácticas nesta programación. E guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo, e serán a referencia para desenvolver as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua.

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Os contidos mínimos esixibles para que o alumnado acade a avaliación positiva no Módulo Teleemergencias son os seguintes:

- 1) Os centros coordinadores de emerxencias:
 - Obxectivos dun centro coordinador de emerxencias.
 - Elementos que compoñen un centro de coordinación.
 - Tipos de recursos de que dispón unha central de coordinación.
 - Características específicas e as diferenzas dun centro de regulación integrado (112) e dun centro de regulación médica (061).
 - As plataformas tecnolóxicas existentes.
 - Vocabulario específico máis característico en teleemergencias.
- 2) A comunicación:
 - Canles de comunicación.
 - Barreiras que dificultan o proceso de comunicación en radiocomunicación e transmisión radiofónica.
 - Medios de transmisión atendendo ás súas características.
- 3) A transmisión da comunicación:
 - Tipos de onda e os elementos dunha estación de radio.
 - Linguaxe radiofónica e a comunicación verbal e paraverbal, a través de medios non presenciais.
 - A comunicación a través da radio empregando de forma adecuada a linguaxe e as normas de comunicación.
 - As comunicacións a través dun sistema de transmisión integrado.
- 4) Xestión da demanda e da resposta en urxencias e emerxencias sanitarias:
 - Os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
 - A estrutura e os campos dun formulario informático de demanda.
 - Identificación dos datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.
 - Identificación dos demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc
 - Categorización das demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.
 - Categorización da demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
 - Formalización do formulario correspondente no sistema xestor.
 - Os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.
 - Recursos asistencias máis adecuados para dar resposta á demanda sanitaria.
 - Seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.
- 5) Codificación de datos:
 - Os termos básicos relacionados coa codificación diagnóstica.
 - Procedemento de comunicación de doenzas de declaración obrigatoria.
- 6) Telemedicina e teleasistencia:
 - Transferencia da escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda para prestar servizos sanitarios a

distancia.

- Aplicacións tecnolóxicas en telemedicina.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da súa aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente de xeito individualizado e observando tamén as relacións interpersoais e o traballo en grupo, segundo os criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

a) Para avaliar os CA vinculados á aprendizaxe de feitos, conceptos e principios, realizaranse probas escritas. As probas escritas (PE), en función da materia a avaliar, poderán ser de diverso tipo: cuestionarios de preguntas curtas (de cada catro respostas só unha é correcta, e por cada 3 respostas incorrectas restarase unha resposta correcta), exercicios de cálculo, supostos prácticos, preguntas de resposta curta ou extensa, preguntas de razoamento e relación, realización de debuxos, gráficos e esquemas, etc., ou a realización de probas orais (que se consideran equivalentes ás escritas). Nalgúns casos, o coñecemento tamén se pode avaliar coa realización de traballos, listaxes ou de informes. De forma xeral, establecerase unha única proba teórica trimestral individual e escrita (aínda que pode ser posible a realización de máis dunha proba escrita por trimestre, segundo a evolución e necesidades do alumnado), que avaliará os contidos conceptuais das unidades didácticas incluídas en cada trimestre.

b) Para avaliar os criterios de avaliación vinculados á aprendizaxe de destrezas, habilidades e procedementos empregaranse listas de cotexo (LC), que valorarán traballos de investigación, informes, fichas de traballo de memorias de actividades prácticas, probas de execución, prácticas de taller, exposicións,...., e basearanse na observación directa.

c) Para avaliar os CA vinculados á aprendizaxe de valores, actitudes e normas, se estiveran presentes no currículo do módulo, valoraranse por medio das táboas de observación (TO) toda unha serie de actitudes relacionadas co óptimo desenvolvemento das funcións do técnico medio en emerxencias sanitarias nun futuro ámbito laboral, tendo en conta aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación das UD avaliadas en cada trimestre. Nestas táboas, os indicadores describen comportamentos observables (valores, actitudes e normas) relacionados con competencias persoais e sociais do alumnado (competencias emocionais), ou operacións que debe realizar o alumnado.

No caso de que esta aprendizaxe non se consiga no ritmo desexado, identificaranse as causas do déficit coa intención de poder realizar as modificacións que se consideren oportunas para alcanzar os resultados de aprendizaxe.

En definitiva, os contidos serán avaliados tendo en conta os diferentes CA e os seus correspondentes pesos dentro de cada Unidade Didáctica. Para superar as diferentes avaliacións, deberanse superar as probas vinculadas a cada un dos criterios mínimos exixibles polo menos cun 5, e ademais obter un mínimo de 5 no global de cada unidade didáctica. Sen esquecer a existencia de mínimos exixibles, a cualificación de cada UD será:

1ª avaliación:

- UD1: contidos conceptuais ou teóricos 85% + contidos procedimentais ou prácticos 10% + aprendizaxe de valores, actitudes e normas 5%
- UD2: contidos conceptuais ou teóricos 85% + contidos procedimentais ou prácticos 15%

2ª avaliación:

- UD3: contidos conceptuais ou teóricos 65% + contidos procedimentais ou prácticos 35%
- UD4: contidos conceptuais ou teóricos 50% + contidos procedimentais ou prácticos 50%

3ª avaliación:

- UD5: contidos conceptuais ou teóricos 100%
- UD6: contidos conceptuais ou teóricos 100%

Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións aprobadas. A cualificación de cada avaliación trimestral obtense da media ponderada das cualificacións obtidas en cada un dos CA de cada unha das unidades didácticas avaliadas nese trimestre, e tras ponderarse as cualificacións das unidades didácticas do trimestre conforme o peso determinado na programación.

A nota final do módulo obtense da media ponderada das notas obtidas en cada unha das unidades didácticas segundo o peso determinado na totalidade da programación do módulo.

As cualificacións das avaliacións trimestrais e final será numérica entre 1 e 10, sen decimais (segundo redondeo matemático aproximando á unidade máis próxima, isto é, decimais de 0 a < 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 5 a 9, á superior).

Ao inicio de curso darase a coñecer ao alumnado a información relativa á programación do módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. Esta programación quedará a disposición do alumnado na aula virtual do centro.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Malia que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan persoalizado e programaranse actividades de recuperación relativas ós CAs de cada unidade didáctica que non teña superado, a desenvolver a partires dos mesmos traballos propostos durante o curso, e/ou a realización das probas escritas correspondentes. O alumnado realizará a recuperación do/s CAs das UD que non teña superado.

Así que, decidírase que CAs debe recuperar segundo as actividades que non superara. O alumnado realizará unha proba escrita sobre os contidos do módulo de carácter teórico-práctico, sendo posible ademais a realización dunha proba de carácter exclusivamente práctico segundo os contidos a avaliar. E ademais, poderán deseñarse actividades de recuperación no período estipulado pola normativa, en base ás necesidades de recuperación detectadas.

É necesario obter unha puntuación igual o superior a 5 para recuperar a avaliación ou avaliacións.

Non se farán probas de recuperación por avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua, co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación do módulo en XUÑO. Esta proba específica realizarase antes da data da avaliación final de XUÑO e constará dunha proba escrita na que se constate a superación de todos os criterios de avaliación avaliábeis mediante este instrumento de avaliación, e dunha proba práctica na que se constate a consecución de todos os criterios de avaliación avaliábeis mediante lista de cotexo, rúbrica ou outros instrumentos de avaliación. Ademais poderase requirir a este alumnado presentación de protocolos e outros rexistros escritos relacionados coas actividades que se desenvolveron na aula-taller ao longo do curso e que son obxecto de avaliación cos instrumentos correspondentes.

Polo tanto, o sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha única proba teórica - práctica que versará sobre a totalidade dos contidos do módulo. Dita proba consistirá nun cuestionario de preguntas curtas cunha soa resposta válida e/ou nunha serie de preguntas de resposta curta ou incluso preguntas de verdadeiro ou falso; en calquera dos casos, cada 3 respostas incorrectas restarase unha resposta correcta.

Nesta proba o alumnado necesitará unha nota de 5 como mínimo para obter a avaliación positiva. A cualificación final será numérica entre 1 e 10, sen decimais (segundo redondeo matemático aproximando á unidade máis próxima, isto é, decimais de 0 a < 5, aproxímanse á unidade anterior, e decimais de 5 a 9, á superior).

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011:

- O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.
- Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4: "O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións".
- A este respecto, e para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento ao alumnado cando as faltas de asistencia nun determinado módulo igualem ou superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumulase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Neste módulo, cando o alumnado acade un total de 6 faltas se procederá ao envío do apercibimento.
- Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe (10%), comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. Neste módulo, cando o alumnado acade un total de 10 faltas producirase a perda do dereito de avaliación continua.
- Tal e como se indica no apartado cuarto da Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022-2023, o centro (e en concreto o/a titor/a) enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, cando as faltas de asistencia inxustificadas nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de faltas de asistencia inxustificadas con respecto á súa duración total. A comunicación ao alumnado, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, poderase realizar empregando medios electrónicos. No caso de optar por unha comunicación por medios electrónicos, empregárase obrigatoriamente o sistema de información Abalar ou a aplicación AbalarMobil.
- Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será desenvolvido mensualmente e a través de aplicación informática segundo o establecido na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 4 (Actividades de inicio de curso) indica: "Así mesmo, nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de formación profesional deberá utilizarse para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, a aplicación informática de programación de formación profesional. A dita aplicación informática tamén se utilizará para a entrega, supervisión e comprobación por parte das xefaturas de departamento, das direccións destes centros e da Inspección educativa.¿

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. A profesora provocará e favorecerá a avaliación desde o alumno medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. Ao finalizar o curso cada docente realizará a Memoria final do módulo (empregando o modelo establecido para elo) que deberá recoller as incidencias acaecidas e incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso, que servirán como base para a elaboración das programacións do seguinte curso.

A avaliación da práctica docente quedará reflectida na Enquisa de satisfacción do labor docente (MD.82.CLI.03) realizada polo alumnado e que terá á súa disposición na plataforma nos últimos días de impartición do módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo a Orde do 12 de xullo de 2011, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolléranse nunha acta, que será accesible para a xefatura de estudos, onde se incluírán especialmente aqueles acordos que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado .

Ademais, ao comezo do curso e en cada sesión e/ou inicio de unidade didáctica, partírase dunha primeira aproximación ós coñecementos do alumnado sobre a temática, mediante preguntas abertas ou outros medios co obxectivo de avaliar os coñecementos previos, intereses, baleiros de coñecementos, ideas preconcebidas,...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociadas aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

Por tanto, no caso de alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, o persoal docente desenvolverá diferentes medidas de reforzo educativo que poden consistir en lecturas complementarias, titorías, realización de exames con redución de materia, e calquera outra actividade que, adaptada ás necesidades do alumnado podan ser necesarias para acadar ditos obxectivos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores, non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula taller. Para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: é importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer

que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego. Destacando especialmente este apartado por mor da situación vivida durante a pandemia de COVID e cuxas consecuencias seguimos a sufrir.

- Educación para a convivencia: procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

- Educación do consumidor/a: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

- Interculturalidade: traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnado doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

No inicio de curso non están programadas actividades complementarias á formación para este módulo. pero calquera actividade que xurdira ao longo do curso e que resulte interesante de cara ao desenvolvemento do módulo, será aproveitada previo acordo do equipo docente e sempre que o modelo organizativo o permita.